

RESOLUCIÓN REITORAL DE 14 DE FEBREIRO DE 2014
POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE PROVISIONAL COA
PERSOA SELECCIONADA E SUPLENTES PARA A PRAZA
DE INTERCAMBIO CON FINS DE FORMACIÓN
DENTRO DO PROGRAMA STELLA DO GRUPO
COMPOSTELA DE UNIVERSIDADES PARA O
INTERCAMBIO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E
SERVIZOS.

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

En virtude do disposto na Resolución Reitoral do 16 de xaneiro de 2014 pola que se convocaba 1 praza de intercambio con fins de formación dentro do programa Stella do Grupo Compostela de Universidades e publicada por Resolución Reitoral de 11 de febreiro de 2014 a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, e reunida a Comisión de Avaliación o día 7 de febreiro de 2014, que procedeu a realizar a valoración das solicitudes achegadas tendo en conta os puntos 2 e 9 da convocatoria:

- Terá prioridade o persoal de Administración e Servizos que realice unha estadía de mobilidade internacional por primeira vez.
- Ter a condición de persoal de Administración e Servizos en situación de activo na Universidade de Vigo.
- Terá prioridade o persoal fixo.
- Traballar nun servizo na Universidade de Vigo relacionado cos incluídos na oferta Stella 2014 (anexo 1).
- Impreso de solicitude debidamente cuberto en inglés.
- O plan de traballo que se desexa realizar na universidade receptora segundo a praza e oferta solicitada incluídas no anexo I e vinculación co posto de traballo .
- Indicación de como o seu servizo/unidade na Universidade de Vigo pode beneficiarse da participación do/a solicitante no programa Stella
- Currículum vitae. Acreditación dos méritos alegados relativos á participación en accións de cooperación internacional.

Este Reitorado RESOLVE:

Primeiro: Aprobar e ordenar a publicación da relación provisional coa persoa seleccionada e suplentes (anexo 1).

Segundo: Establecer o seguinte prazo para achegar posibles reclamacións: ata o mércores 19 de febreiro de 2014 (inclusive).

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o interesado poderá optar por interpoñer conta esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 11/09/2013)

O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

Manuel J. Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.

Vigo, 14 de febreiro de 2014
A Técnica Superior da ORI

Eva Garea OYa

ANEXO 1

Listaxe provisional coa persoa seleccionada:

Pilar Martínez Borrás

Listaxe provisional co primeiro suplente:

Silvia Patiño Bouzas

Listaxe provisional cos seguintes suplentes:

Henar Quintas Salgado
Jose David Díaz Vázquez